

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

20147 *Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.*

A Constitución española de 1978 recoñece no seu artigo 27.7 o dereito do alumnado, con carácter xeral, a intervir no control e xestión das institucións do sistema educativo financiadas con fondos públicos. Pola súa vez, o artigo 27.5 establece, como elemento da realización do dereito á educación, a participación efectiva de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino. Ambos os artigos configuran un sistema educativo baseado nun principio de participación que se exerce en diferentes niveis, desde as institucións á política do sistema. No ámbito universitario, este mandato é recollido pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOMLOU), a cal establece como un dos principios da política universitaria o desenvolvemento da participación dos estudantes a través do Estatuto do Estudante e a constitución dun Consello do Estudante Universitario.

Por outra parte, o escenario que debuxa o Espazo Europeo de Educación Superior reclama unha nova figura do estudante como suxeito activo do seu proceso de formación, cunha valoración do traballo dentro e fóra da aula, e o apoio da actividade docente e sistemas tutoriais. Desde os inicios deste proceso, coa sinatura o 18 de setembro de 1988 en Boloña da Magna Charta Universitatum, a participación dos estudantes, a necesidade do coñecemento dos principios xerais de autonomía universitaria, de liberdade de cátedra e da responsabilidade social na rendición de contas das universidades, foi subliñada continuamente nas declaracións que lle foron dando forma a este Espazo Europeo de Educación Superior e na Conferencia Ministerial de Berlín, de 2003, o papel dos estudantes na xestión pública da educación superior foi recoñecido expresamente.

Este estatuto vén dar cumprimento ás devanditas previsións legais. Conscientes da necesidade de completar o réxime xurídico do estudante universitario, procedeuse ao desenvolvemento dos dereitos que están recollidos na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, incluíndo, ademais, as peculiaridades que derivan de cada unha das etapas formativas dentro do ámbito universitario. Neste sentido, recalcáronse as peculiaridades dos modos de aprendizaxe que teñen máis transcendencia no novo marco legal, que debe ser interpretado de conformidade co disposto na regulamentación das ensinanzas universitarias. Así mesmo, complementáronse, dentro das posibilidades dunha norma de carácter regulamentaria, a articulación do binomio protección de dereitos-exercicio da responsabilidade por parte dos estudantes universitarios. Por outra parte, establece mecanismos para aumentar a implicación dos estudantes na vida universitaria, recoñece os seus dereitos, valora as actividades culturais, deportivas e solidarias e establece compromisos para modificar o marco legal que rexe a convivencia na universidade, ata a data regulada por unha norma preconstitucional, e redefinir o réxime do seguro escolar.

Dentro do seu contido, convén salientar o feito de que neste texto se dea forma ao Consello do Estudante Universitario. En efecto, o artigo 46.5, modificado, da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, indica que o Goberno aprobará un estatuto do estudante universitario, que deberá prever a constitución, as funcións, a organización e o funcionamento dun Consello do Estudante Universitario como órgano colexiado de representación estudantil, adscrito ao ministerio que teña atribuídas as competencias en materia de universidades. O Consello, como Consello de Estudantes Universitario do Estado, contará coa presenza de estudantes de todas as universidades públicas e privadas.

A creación e posta en marcha do Consello de Estudantes Universitario do Estado establece unha canle directa de representación para todos os estudantes, semellante ao

que teñen os reitores e as comunidades autónomas a través do Consello de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, e fortalece o papel central dos estudantes dentro do sistema universitario español. Este órgano de representación dá visibilidade institucional á participación dos estudantes e ofrece un marco clave para debater as políticas de modernización do sistema universitario español.

O texto do Estatuto do Estudante Universitario que se aproba por este real decreto conta co informe favorable do Consello de Universidades e da Conferencia Xeral de Política Universitaria. Así mesmo, emitiron informe os ministerios de Economía e Facenda e de Política Territorial e foi produto dun amplo consenso grazas á participación na súa elaboración de organizacións de estudantes e demais axentes e sectores representativos de intereses na comunidade universitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único *Aprobación do Estatuto do Estudante Universitario.*

En cumprimento do establecido no artigo 46.5 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, apróbase o Estatuto do Estudante Universitario, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Cobertura de seguro.*

O Goberno procederá ao estudo das continxencias actuais do seguro escolar, as prestacións que deriven do devandito seguro, a compatibilidade con outras modalidades xerais de aseguramento por continxencias actualmente en vigor e as necesidades derivadas do ensino universitario actual, coa finalidade de presentar, de ser o caso, un proxecto de lei que redefina o réxime do seguro escolar. O alcance do actual seguro escolar seguirá estando en vigor ata ese momento.

Disposición adicional segunda. *Regulación dos procedementos administrativos sancionadores no ámbito universitario.*

O Goberno presentará ás Cortes Xerais, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto, un proxecto de lei reguladora da potestade disciplinaria, onde se conterá a tipificación de infraccións, sancións e medidas complementarias do réxime sancionador para os estudantes universitarios de acordo co principio de proporcionalidade. De igual modo, no dito proxecto de lei procederase á adaptación dos principios do procedemento administrativo sancionador ás especificidades do ámbito universitario, de maneira que garanta os dereitos de defensa do estudante e a eficacia no desenvolvemento do procedemento.

Disposición adicional terceira. *Gastos de funcionamento do Consello de Estudantes Universitario do Estado.*

O Ministerio de Educación atenderá, con cargo ao seu orzamento ordinario, os gastos de funcionamento, persoais e materiais do Consello de Estudantes Universitario do Estado. A dotación de persoal efectuarase por redistribución de efectivos do propio Ministerio de Educación, sen que supoña aumento de postos nin de retribucións.

Disposición adicional cuarta. *Centros universitarios da defensa.*

De acordo co establecido nos artigos 67 e 68 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, os estudantes que cursen as súas ensinanzas no sistema de centros universitarios da defensa, creados polo Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, unen á

súa condición de universitarios a de militares, polo que, no exercicio dos dereitos e deberes recollidos neste Estatuto do Estudante Universitario, se atenderá ao réxime xurídico que rexe para as Forzas Armadas que lles sexa de aplicación, así como aos correspondentes convenios de adscrición asinados con universidades públicas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para ditar normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 desta, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Queda exceptuada do carácter básico a regulación prevista no capítulo XI do Estatuto que se aproba.

Disposición derradeira segunda. *Regulamento do Consello de Estudantes Universitario do Estado.*

O Consello de Estudantes Universitario do Estado elaborará, no prazo máximo de seis meses desde a súa constitución, un proxecto de regulamento de organización e funcionamento que se someterá á aprobación do Pleno e será elevado para a súa aprobación definitiva ao ministro de Educación.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Educación, no ámbito das súas competencias, para ditar as normas e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

ESTATUTO DO ESTUDANTE UNIVERSITARIO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto do presente Estatuto do Estudante Universitario é o desenvolvemento dos dereitos e deberes dos estudantes universitarios e a creación do Consello de Estudantes Universitario do Estado, en cumprimento do disposto no artigo 46 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

2. O presente Estatuto do Estudante Universitario será de aplicación a todos os estudantes das universidades públicas e privadas españolas, tanto dos centros propios coma dos centros adscritos e dos centros de formación continua dependentes daquelas.

3. Enténdese como estudante toda persoa que curse ensinanzas oficiais nalgún dos tres ciclos universitarios, ensinanzas de formación continua ou outros estudos ofrecidos polas universidades.

CAPÍTULO II

Dos dereitos e deberes dos estudantes

Artigo 2. *Igualdade de dereitos e deberes.*

1. Todos os estudantes universitarios terán garantida a igualdade de dereitos e deberes, independentemente do centro universitario, das ensinanzas que estean cursando e da etapa da formación ao longo da vida en que estean matriculados.

2. Tal igualdade exercerase sempre baixo o principio xeral da corresponsabilidade universitaria, que se define como a reciprocidade no exercicio dos dereitos e liberdades e o respecto das persoas e da institución universitaria como ben común de todos cantos a integran.

Artigo 3. *Marco normativo para o exercicio de dereitos e deberes.*

Os dereitos e deberes dos estudantes universitarios exerceranse de acordo coa normativa estatal e a das respectivas comunidades autónomas, os estatutos das universidades e o presente estatuto.

Artigo 4. *Non discriminación.*

Todos os estudantes universitarios, independentemente da súa procedencia, teñen o dereito a non ser discriminados por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, nacionalidade, enfermidade, orientación sexual e identidade de xénero, condición socioeconómica, idiomática ou lingüística, ou afinidade política e sindical, ou por razón de aparencia, sobrepeso ou obesidade, ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, co único requirimento da aceptación das normas democráticas e de respecto aos cidadáns, base constitucional da sociedade española.

Artigo 5. *Cualificacións académicas e profesionais.*

As universidades desenvolverán as actuacións necesarias para garantir que os estudantes poidan alcanzar os coñecementos e as competencias académicas e profesionais programadas en cada ciclo de ensinanzas. Así mesmo, as universidades incorporarán aos seus obxectivos formativos a formación persoal e en valores.

Artigo 6. *Recoñecemento dos coñecementos e capacidades.*

1. Dentro dos termos previstos pola lei e polas normas que desenvolvan as universidades, e como garantía do seu dereito á mobilidade, nos termos establecidos na normativa vixente, os estudantes terán dereito, en calquera etapa da súa formación universitaria, a que se recoñezan os coñecementos e as competencias ou a experiencia profesional adquiridas con carácter previo. O devandito recoñecemento será incluído, de ser o caso, no Suplemento Europeo ao Título.

2. As universidades establecerán as medidas necesarias para que as ensinanzas non conducentes á obtención de titulacións oficiais que cursen ou fosen cursadas polos estudantes lles sexan recoñecidas total ou parcialmente, sempre que o título correspondente fose extinguido e substituído por un título oficial de grao.

3. As universidades arbitrarán tamén os procedementos pertinentes co fin de que as ensinanzas cursadas e as aprendizaxes adquiridas polos estudantes sexan recoñecidas de acordo co Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior.

4. En todo caso, o recoñecemento dos coñecementos e capacidades realizarase nos termos establecidos na normativa vixente.

Artigo 7. *Dereitos comúns dos estudantes universitarios.*

1. Os estudantes universitarios teñen os seguintes dereitos comúns, individuais ou colectivos:

a) Ao estudo na universidade da súa elección, nos termos establecidos polo ordenamento xurídico. Así mesmo, a que as universidades promovan programas de información e orientación aos seus futuros estudantes, que favorezan a transición activa á universidade, enfocados a unha mellor integración nas súas estruturas, niveis e ámbitos de formación ao longo da vida, actividade investigadora, cultural e de responsabilidade social. Os estudantes universitarios teñen o dereito a participar no deseño, seguimento e avaliación da política universitaria.

b) Á igualdade de oportunidades, sen discriminación ningunha, no acceso á universidade, ingreso nos centros, permanencia na universidade e exercicio dos seus dereitos académicos.

c) A unha formación académica de calidade, que fomente a adquisición das competencias que correspondan aos estudos elixidos e inclúa coñecementos, habilidades, actitudes e valores; en particular, os valores propios dunha cultura democrática e do respecto aos demais e ao contexto.

d) A unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida laboral e familiar, así como o exercicio dos seus dereitos polas mulleres vítimas da violencia de xénero, na medida das dispoñibilidades organizativas e orzamentarias da universidade.

e) Ao asesoramento e asistencia por parte de profesores, titores e servizos de atención ao estudante, de conformidade co disposto neste estatuto.

f) Á información e orientación vocacional, académica e profesional, así como ao asesoramento polas universidades sobre as actividades destas que os afecten, e, en especial, sobre actividades de extensión universitaria, aloxamento universitario, deportivas e outros ámbitos de vida saudable, e a súa transición ao mundo laboral

g) A ser informados das normas da universidade sobre a avaliación e o procedemento de revisión de cualificacións.

h) A unha avaliación obxectiva e, sempre que sexa posible, continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe.

i) A obter recoñecemento académico pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación nos termos establecidos na normativa vixente.

j) Á validación, para efectos académicos, da experiencia laboral ou profesional de acordo coas condicións que, no marco da normativa vixente, fixe a universidade.

k) A participar nos programas de mobilidade, nacional ou internacional, no marco da lexislación vixente.

l) A coñecer e participar nos programas e observatorios de incorporación laboral que desenvolvan as universidades e outras institucións.

m) Ao uso de instalacións académicas adecuadas e accesibles a cada ámbito da súa formación.

n) A recibir formación sobre prevención de riscos e a dispor dos medios que garantan a súa saúde e seguridade no desenvolvemento das súas actividades de aprendizaxe.

o) Á portabilidade das bolsas e axudas ao estudo das convocatorias nacionais, entendendo por esta o dereito ao seu disfrute en todo o territorio nacional, con independencia do lugar de residencia, así como á portabilidade das bolsas propias das universidades, nos termos que se establezan nas súas respectivas convocatorias.

p) Ao acceso á formación universitaria ao longo da vida, para o cal as universidades establecerán e difundirán os mecanismos específicos de admisión que correspondan.

q) Á súa incorporación nas actividades de voluntariado e participación social, cooperación ao desenvolvemento, e outras de responsabilidade social que organicen as universidades.

r) Á liberdade de expresión, de reunión e de asociación no ámbito universitario, exenta de toda discriminación directa e indirecta, como expresión da corresponsabilidade na xestión educativa e do respecto proactivo ás persoas e á institución universitaria.

s) A ter unha representación activa e participativa, no marco da responsabilidade colectiva, nos órganos de goberno e representación da universidade, nos termos establecidos neste estatuto e nos respectivos estatutos ou normas de organización e funcionamento universitarios.

t) A participar na elección dos órganos de goberno da universidade onde desenvolvan a súa actividade académica nos termos previstos no seu respectivo estatuto.

u) A ser informados e a participar de forma corresponsable no establecemento e funcionamento das normas de permanencia da universidade aprobada polo consello social desta.

v) A que os seus datos persoais non sexan utilizados con outros fins que os regulados pola Lei de protección de datos de carácter persoal.

w) A recibir un trato non sexista e á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes conforme os principios establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

x) Ao recoñecemento da autoría dos traballos elaborados durante os seus estudos e á protección da propiedade intelectual deles.

E todos aqueles dereitos recoñecidos na lexislación xeral, na normativa propia das comunidades autónomas, así como nos estatutos e normas propias das universidades.

2. No marco do compromiso coa dimensión social da educación superior e a aprendizaxe ao longo de toda a vida, as administracións públicas con competencias en materia universitaria e as universidades establecerán, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, as medidas que sexan necesarias para facer posibles o exercicio destes dereitos aos estudantes a tempo parcial e, en especial, a obtención de cualificacións a través de traxectorias de aprendizaxe flexibles. Para estes efectos, os estudantes que o desexen solicitarán o recoñecemento de estudante a tempo parcial á súa universidade, que procederá a identificar esta condición.

Artigo 8. *Dereitos específicos dos estudantes de grao.*

Os estudantes de grao teñen os seguintes dereitos específicos:

a) A recibir información e a participar na elaboración das memorias de verificación de títulos de grao.

b) A obter o recoñecemento da súa formación previa ou, de ser o caso, das actividades laborais ou profesionais desenvolvidas con anterioridade, se procede.

c) A elixir grupo de docencia, se é o caso, nos termos que dispoña a universidade, de forma que se poida conciliar a formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas da violencia de xénero.

d) A recibir unha formación teórico-práctica de calidade e acorde coas competencias adquiridas segundo o establecido nas ensinanzas previas.

e) A recibir orientación e titoría personalizadas no primeiro ano e durante os estudos, para facilitar a adaptación ao ámbito universitario e o rendemento académico, así como na fase final coa finalidade de facilitar a incorporación laboral, o desenvolvemento profesional e a continuidade da súa formación universitaria.

f) A dispor da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á finalidade formativa daquelas.

g) A contar con tutela efectiva, académica e profesional, no traballo fin de grao e, de ser o caso, nas prácticas externas que se prevean no plan de estudos.

h) A contar co recoñecemento e protección da propiedade intelectual do traballo fin de grao e dos traballos previos de investigación nos termos que se establecen na lexislación vixente sobre a materia.

i) A participar en programas e convocatorias de axudas de mobilidade nacional ou internacional, en especial durante a segunda metade dos seus estudos.

j) A participar nos procesos de avaliación institucional e nas axencias de aseguramento da calidade universitaria.

Artigo 9. *Dereitos específicos dos estudantes de máster.*

Os estudantes de máster teñen os seguintes dereitos específicos:

a) A recibir información e a participar na elaboración das memorias de verificación de títulos de máster.

b) A obter o recoñecemento da súa formación previa ou, de ser o caso, das actividades laborais ou profesionais desenvolvidas con anterioridade aos seus estudos de máster sempre que o devandito recoñecemento sexa pertinente.

c) A elixir grupo de docencia, de ser o caso, nos termos que dispoña a universidade, de forma que se poida conciliar a formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares.

d) A recibir unha formación teórico-práctica de calidade, axustada aos obxectivos profesionais ou de iniciación á investigación, previstos no título.

e) A recibir orientación e tutoría personalizadas, para facilitar o rendemento académico, a preparación para a actividade profesional ou a iniciación á investigación.

f) A dispor da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á finalidade formativa das prácticas.

g) A contar con tutela efectiva, académica e profesional, no traballo fin de máster e, de ser o caso, nas prácticas académicas externas que se prevexan no plan de estudos.

h) A contar co recoñecemento e protección da propiedade intelectual do traballo fin de máster e dos traballos previos de investigación nos termos que se establecen na lexislación vixente sobre a materia.

i) A participar en programas e convocatorias de axudas de mobilidade nacional ou internacional.

j) A participar nos procesos de avaliación institucional e nas axencias de aseguramento da calidade universitaria.

Artigo 10. *Dereitos específicos dos estudantes de doutoramento.*

Os estudantes de doutoramento teñen os seguintes dereitos específicos:

a) A recibir unha formación investigadora de calidade, que promova a excelencia científica e atenda á equidade e a responsabilidade social.

b) A contar cun titor que oriente o seu proceso formativo e un director e, de ser o caso, codirector, con experiencia investigadora acreditada, que supervise a realización da tese de doutoramento.

c) A que as universidades e as escolas de doutoramento promovan nos seus programas de terceiro ciclo a integración dos doutorandos en grupos e redes de investigación.

d) A coñecer a carreira profesional da investigación e a que as universidades promovan nos seus programas oportunidades de desenvolvemento da carreira investigadora.

e) A participar en programas e convocatorias de axudas para a formación investigadora e para a mobilidade nacional e internacional.

f) A contar co recoñecemento e protección da propiedade intelectual a partir dos resultados da tese de doutoramento e dos traballos de investigación previos nos termos que se establecen na lexislación vixente sobre a materia.

g) A ser considerados, en canto a dereitos de representación nos órganos de goberno das universidades, como persoal investigador en formación, de conformidade co que se estableza na lexislación en materia de ciencia e investigación.

h) A participar no seguimento dos programas de doutoramento e nos procesos de avaliación institucional, nos termos previstos pola normativa vixente.

Artigo 11. *Dereitos específicos dos estudantes de formación continua e outros estudos ofrecidos polas universidades.*

Estes estudantes teñen os seguintes dereitos específicos:

a) A que as universidades desenvolvan os seus programas de formación continua con criterios de calidade, e sistemas de admisión flexibles que inclúan o recoñecemento da formación e da actividade laboral ou profesional previas.

b) A conciliar, no posible, a formación coa vida familiar e laboral e, de ser o caso, para garantir o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas da violencia de xénero, para o cal as universidades, dentro das súas dispoñibilidades, organizarán con flexibilidade os horarios.

c) A contar cunha carta de servizos que as universidades desenvolvan e difundan cada curso académico coa súa oferta formativa detallada neste ámbito. A devandita carta de servizos deberá recoller, polo menos, o tipo e duración das actividades que se ofrecen, os límites de validez académica, de ser o caso, e os medios dispoñibles para a súa execución.

Artigo 12. *Efectividade dos dereitos.*

Para a plena efectividade dos dereitos recollidos nos artigos 7 ao 11, as universidades:

a) Informarán os estudantes sobre eles e facilitaránlles o seu exercicio.

b) Establecerán os recursos e adaptacións necesarias para que os estudantes con discapacidade os poidan exercer en igualdade de condicións que o resto de estudantes, sen que isto supoña diminución do nivel académico exixido.

c) Garantirán o seu exercicio mediante procedementos adecuados e, de ser o caso, a través da actuación do defensor universitario.

Artigo 13. *Deberes dos estudantes universitarios.*

1. Os estudantes universitarios deben asumir o compromiso de ter unha presenza activa e corresponsable na universidade, deben coñecer a súa universidade, e respectar os seus estatutos e as demais normas de funcionamento aprobadas polos procedementos regulamentarios.

2. Entendidos como expresión dese compromiso, os deberes dos estudantes universitarios serán os seguintes:

a) O estudo e a participación activa nas actividades académicas que axuden a completar a súa formación.

b) Respectar os membros da comunidade universitaria e o persoal das entidades colaboradoras ou que presten servizos na universidade.

c) Coidar e usar debidamente os bens, equipamentos, instalacións ou recinto da universidade ou das entidades que colaboran con ela.

d) Absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade.

e) Participar de forma responsable nas actividades universitarias e cooperar ao normal desenvolvemento destas.

- f) Coñecer e cumprir os estatutos e demais normas regulamentarias da universidade.
- g) Coñecer e cumprir as normas internas sobre seguridade e saúde, especialmente as que se refiren ao uso de laboratorios de prácticas e ámbitos de investigación.
- h) Respetar o nome, os símbolos e os emblemas da universidade ou dos seus órganos, así como o seu debido uso.
- i) Respetar os actos académicos da universidade, así como os participantes neles, sen menoscabo do seu libre exercicio de expresión e manifestación.
- j) Exercer e promover activamente a non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, nacionalidade, enfermidade, orientación sexual e identidade de xénero, condición socioeconómica, idiomática ou lingüística, ou afinidade política e sindical, ou por razón de aparencia, sobrepeso ou obesidade, ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, dos membros da comunidade universitaria, do persoal das entidades colaboradoras ou que presten servizos na universidade.
- k) Exercer, de ser o caso, as responsabilidades propias do cargo de representación para o cal fosen elixidos.
- l) Informar os seus representados das actividades e resolucións dos órganos colexiados en que participa, así como das súas propias actuacións, coa reserva e discreción que se establezan nos devanditos órganos.
- m) Participar de forma activa e responsable nas reunións dos órganos colexiados para os cales fose elixido.
- n) Contribuír á mellora dos fins e funcionamento da universidade.
- o) Calquera outro deber que lle sexa asignado nos estatutos da universidade en que está matriculado.

CAPÍTULO III

Do acceso e a admisión na universidade

Artigo 14. *Acceso e admisión ás ensinanzas universitarias.*

1. Os estudantes que cumpran os requisitos exixidos pola lexislación teñen dereito a acceder e a solicitar a admisión nas ensinanzas oficiais de calquera universidade española, conforme os procedementos previstos na normativa vixente.
2. Para facilitar os trámites de matrícula, as universidades establecerán mecanismos de xestión e asesoramento que axuden ao deseño curricular por parte do estudante, de acordo coa normativa vixente.

Artigo 15. *Acceso e admisión de estudantes con discapacidade.*

1. Os procedementos de acceso e admisión, dentro das normas establecidas polo Goberno, as comunidades autónomas e as universidades, adaptaranse ás necesidades específicas das persoas con discapacidade, co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a plena integración na universidade.
2. Do mesmo modo, as universidades farán accesibles os seus espazos e edificios, incluídos os espazos virtuais, e porán á disposición do estudante con discapacidade medios materiais, humanos e técnicos para asegurar a igualdade de oportunidades e a plena integración na comunidade universitaria.

CAPÍTULO IV

Da mobilidade estudiantil

Artigo 16. *Programas de mobilidade.*

1. As universidades poderán ofertar aos estudantes programas de mobilidade, nacional ou internacional, mediante a sinatura dos correspondentes convenios de

cooperación interuniversitaria. Os ditos programas poderán atender á formación académica propia da titulación e a outros ámbitos de formación integral do estudante tales como a formación transversal en valores, a formación orientada ao emprego e calquera outro que promova a universidade nos seus principios e fins.

2. Así mesmo, as universidades poderán promover programas específicos de mobilidade, nacional e internacional, para a realización dos traballos de fin de grao e fin de máster, así como para a realización de prácticas externas, sen prexuízo das previsións establecidas na normativa española vixente de estranxeiría e inmigración.

3. Con carácter xeral, os programas de mobilidade desenvolveranse en calquera dos tres ciclos das ensinanzas universitarias: grao, máster e doutoramento.

a) Os estudantes de ensinanzas de grao poderán participar nos programas de mobilidade, preferentemente, na segunda metade dos seus estudos.

b) Os estudantes de ensinanzas de máster poderán participar en programas de mobilidade cuxa duración será, como máximo, dun semestre para títulos de máster de 60 a 90 créditos, e dun curso completo para títulos de máster de 90 a 120 créditos.

c) Os estudantes de ensinanzas de doutoramento internacional poderán participar en programas de mobilidade durante o período de investigación do seu programa de doutoramento. A duración destas estadias será a establecida na súa normativa reguladora.

4. Para facilitar a participación dos estudantes, as administracións con competencias en materia universitaria e as universidades promoverán sistemas de financiamento dos gastos ocasionados polas estadias de formación, ou de realización de traballos fin de titulación, ou de prácticas externas.

5. Os estudantes poderán obter axudas e bolsas que contribúan a sufragar os gastos de aloxamento e manutención da súa estadía no centro de destino nas condicións que estableza a normativa de axudas á mobilidade que corresponda en cada caso. Para a concesión das ditas axudas a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas poderán promover contratos programa ou outras fórmulas de financiamento coas universidades que aplicarán os principios de progresividade e de adaptación aos custos reais do país onde se realice a estadía.

Artigo 17. *Recoñecemento académico e mobilidade.*

1. As universidades arbitrarán, de acordo coa súa normativa propia, os procedementos adecuados para que os estudantes que participen nos programas de mobilidade coñezan, con anterioridade á súa incorporación á universidade de destino, mediante contrato ou acordo de estudos (segundo a denominación prevista na citada normativa propia), as materias que van ser recoñecidas académicamente no plan de estudos da titulación que cursa na universidade de orixe.

2. Os estudantes terán asignado un titor docente, co que deberán elaborar o contrato ou acordo de estudos que corresponda ao programa de mobilidade, nacional ou internacional. No dito documento quedarán reflectidas, con carácter vinculante, as actividades académicas que se desenvolverán na universidade de destino e a súa correspondencia coas da universidade de orixe; a valoración, se é o caso, en créditos europeos e as consecuencias do incumprimento dos seus termos.

3. Para o recoñecemento de coñecementos e competencias, as universidades atenderán ao valor formativo conxunto das actividades académicas desenvolvidas, e non á identidade entre materias e programas nin á plena equivalencia de créditos.

4. As actividades académicas realizadas na universidade de destino serán recoñecidas e incorporadas ao expediente do estudante na universidade de orixe unha vez rematada a súa estadía ou, en todo caso, ao final do curso académico correspondente, coas cualificacións obtidas en cada caso. Para tal efecto, as universidades establecerán táboas de correspondencia das cualificacións en cada convenio bilateral de mobilidade.

5. Os programas de mobilidade en que participase un estudante e os seus resultados académicos, así como as actividades que non formen parte do contrato ou acordo de

estudos e sexan acreditadas pola universidade de destino, serán recollidos no Suplemento Europeo ao Título.

Artigo 18. *Mobilidade nacional e internacional de estudantes con discapacidade.*

As administracións e as universidades promoverán a participación en programas de mobilidade, nacionais e internacionais, de estudantes con discapacidade, establecendo as cotas pertinentes, garantindo o financiamento suficiente en cada caso, así como os sistemas de información e cooperación entre as unidades de atención a estes estudantes.

CAPÍTULO V

Das titorías

Artigo 19. *Principios xerais.*

1. Os estudantes recibirán orientación e seguimento de carácter transversal sobre a súa titulación. A devandita información atenderá, entre outros, aos seguintes aspectos: a) Obxectivos da titulación; b) Medios persoais e materiais dispoñibles; c) Estrutura e programación progresiva das ensinanzas; d) Metodoloxías docentes aplicadas; e) Procedementos e cronogramas de avaliación; f) Indicadores de calidade, tales como taxas de rendemento académico esperado e real dos estudos; taxas de incorporación laboral de egresados.

2. Para desenvolver os seus programas de orientación e de acordo co establecido na normativa autonómica e das propias universidades, os centros poderán nomear coordinadores e titores de titulación, cuxa misión será levar a cabo unha orientación de calidade, dirixida a reforzar e complementar a docencia como formación integral e crítica dos estudantes e como preparación para o exercicio de actividades profesionais. No caso das universidades a distancia, a figura dos titores e as súas actividades axustaranse á súa metodoloxía docente e de avaliación.

3. As universidades impulsarán, de acordo co establecido na normativa autonómica e das propias universidades, sistemas titoriais que integren de xeito coordinado as accións de información, orientación e apoio formativo aos estudantes, desenvolvidos polo profesorado e o persoal especializado.

4. As universidades establecerán os procedementos oportunos para dar publicidade aos plans, programas e actividades titoriais.

Artigo 20. *Titorías de titulación.*

1. Os coordinadores e titores de titulación asistirán e orientarán os estudantes nos seus procesos de aprendizaxe, na súa transición cara ao mundo laboral e no seu desenvolvemento profesional.

2. A titoría de titulación facilitará:

- a) O proceso de transición e adaptación do estudante ao ámbito universitario
- b) A información, orientación e recursos para a aprendizaxe
- c) A configuración do itinerario curricular atendendo tamén ás especificidades do alumnado con necesidades educativas especiais
- d) A transición ao mundo laboral, o desenvolvemento inicial da carreira profesional e o acceso á formación continua

Artigo 21. *Titorías de materia ou disciplina.*

1. Os estudantes serán asistidos e orientados, individualmente, no proceso de aprendizaxe de cada materia ou disciplina do seu plan de estudos mediante titorías desenvolvidas ao longo do curso académico.

2. Corresponde aos departamentos velar polo cumprimento das titorías do profesorado adscrito a eles de acordo cos plans de estudo e a programación docente das ensinanzas en que imparte docencia.

3. As universidades, a través dos seus centros e departamentos, garantirán que os estudantes poidan acceder ás titorías, establecendo os criterios e horarios correspondentes.

Artigo 22. Titorías para estudantes con discapacidade.

1. Os programas de titoría e as actividades de titoría deberán adaptarse ás necesidades dos estudantes con discapacidade, procedendo os departamentos ou centros, baixo a coordinación e supervisión da unidade competente en cada universidade, ás adaptacións metodolóxicas precisas e, de ser o caso, ao establecemento de titorías específicas en función das súas necesidades. As titorías realizaranse en lugares accesibles para persoas con discapacidade.

2. Promoverase o establecemento de programas de titoría permanente para que o estudante con discapacidade poida dispor dun profesor titor ao longo dos seus estudos.

CAPÍTULO VI

Da programación docente e avaliación do estudante de ensinanzas que conducen á obtención dun título oficial

Artigo 23. Programación docente das ensinanzas universitarias que conducen á obtención dun título oficial.

1. A universidade, co apoio das administracións que teñen competencia en materia universitaria, velará para que a docencia e a xestión das ensinanzas correspondentes ás súas distintas titulacións oficiais cumpran as mesmas condicións de calidade.

2. Os estudantes teñen dereito a coñecer os plans docentes das materias ou disciplinas en que prevexan matricularse, con antelación suficiente e, en todo caso, antes da apertura do prazo de matrícula en cada curso académico. Os plans docentes especificarán os obxectivos docentes, os resultados de aprendizaxe esperados, os contidos, a metodoloxía e o sistema e as características da avaliación.

3. Os departamentos ou os centros, segundo a quen corresponde a responsabilidade de aprobar os plans docentes das materias e disciplinas cuxa docencia teñen adscritas, garantirán o seu cumprimento en todos os grupos docentes en que se impartan.

4. Os centros responsables de cada titulación, con anterioridade á apertura do prazo de matrícula, informarán da planificación da titulación para o curso académico, que incluírá a dedicación do estudante ao estudo e aprendizaxe en termos ECTS, o profesorado previsto e a distribución horaria global de cada materia ou disciplina, a partir dunha coordinación interdepartamental que terá en conta as exixencias do traballo, fóra do horario lectivo, que os estudantes deberán realizar.

5. As universidades, no marco da liberdade académica que teñen recoñecida, poderán establecer mecanismos de compensación por materia e formar tribunais que permitan vulgar, en conxunto, a traxectoria académica e o labor realizado polo estudante e decidir se está en posesión dos suficientes coñecementos e competencias que lle permitan obter o título académico a que opta.

Artigo 24. Prácticas académicas externas.

1. As prácticas externas son unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes e supervisada polas universidades cuxo obxectivo é permitir-lles aos estudantes aplicaren e complementaren os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais e faciliten a súa empregabilidade.

2. O obxecto das prácticas externas é alcanzar un equilibrio entre a formación teórica e práctica do estudante, a adquisición de metodoloxías para o desenvolvemento profesional, e facilitar a súa empregabilidade futura. Poderán realizarse en empresas, institucións e entidades públicas e privadas, incluída a propia universidade, segundo a modalidade prevista.

3. Estableceranse dúas modalidades de prácticas externas: curriculares e extracurriculares. As prácticas curriculares son actividades académicas reguladas e tuteladas, que forman parte do plan de estudos. As prácticas extracurriculares son aquelas que os estudantes realizan con carácter voluntario, durante o seu período de formación, e que, aínda tendo os mesmos fins, non están incluídas nos plans de estudo, sen prexuízo da súa mención posterior no Suplemento Europeo ao Título.

4. Para a realización das prácticas externas, as universidades impulsarán o establecemento de convenios con empresas e institucións fomentando que estas sexan accesibles para a realización de prácticas de estudantes con discapacidade.

5. Os programas de prácticas contarán cunha planificación en que se fará constar: as competencias que debe adquirir o estudante, a dedicación en créditos ECTS, as actividades formativas que debe desenvolver o estudante, o calendario e horario, así como o sistema de avaliación.

6. Para a realización das prácticas externas curriculares os estudantes contarán cun tutor académico da universidade e un tutor da entidade colaboradora, os cales acordarán o plan formativo do estudante e realizarán o seu seguimento. No caso das prácticas externas extracurriculares, a universidade e a entidade colaboradora exercerán a tutela nos termos establecidos polo convenio.

7. A universidade contará con procedementos para garantir a calidade das prácticas externas, que inclúan mecanismos, instrumentos e órganos ou unidades implicados na recollida e análise de información sobre o desenvolvemento das prácticas e a revisión da súa planificación.

8. Nos convenios de colaboración poderase establecer financiamento por parte das entidades correspondentes, en concepto de axudas ao estudo.

9. As prácticas externas de carácter formativo estarán axustadas á formación e competencias dos estudantes e o seu contido non poderá dar lugar, en ningún caso, á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

10. As prácticas relacionadas coas ensinanzas do ámbito da saúde rexeranse polo previsto nas directivas europeas e de acordo coas súas normativas específicas.

Artigo 25. *Avaliación das aprendizaxes do estudante.*

1. A avaliación do rendemento académico dos estudantes responderá a criterios públicos e obxectivos e tenderá cara á avaliación continua, entendida como ferramenta de corresponsabilidade educativa e como un elemento do proceso de ensino-aprendizaxe que informa o estudante sobre o seu proceso de aprendizaxe.

2. A avaliación axustarase ao establecido nos plans docentes das materias e disciplinas aprobados polos departamentos.

3. Os calendarios de datas, horas e lugares de realización das probas, incluídas as orais, serán acordados polo órgano que proceda, garantindo a participación dos estudantes, e atendendo á condición de que estes o sexan a tempo completo ou a tempo parcial.

4. A programación de probas de avaliación non poderá alterarse, salvo naquelas situacións en que, por imposibilidade sobrevida, resulte irrealizable segundo o establecido. Ante estas situacións excepcionais, os responsables das titulacións realizarán as consultas oportunas co profesorado e cos estudantes afectados para proceder a propor unha nova programación de acordo co previsto na normativa autonómica e das propias universidades.

5. Os estudantes que, por motivos de asistencia a reunións dos órganos colexiados de representación universitaria, ou por outros motivos previstos nas súas respectivas normativas, non poidan concorrer ás probas de avaliación programadas, terán dereito a que se lles fixe un día e hora diferentes para a súa realización. As universidades velarán,

conforme a súa normativa e a autonómica, por non facer coincidir as reunións cos períodos de exames nin cos días de estudo previos.

6. Na programación dos sistemas de avaliación evítase, de conformidade co establecido na normativa autonómica e da propia universidade, que un estudante sexa convocado a probas de carácter global de distintas materias do mesmo curso nun prazo inferior a vinte e catro horas. En todo caso e de acordo coa anterior normativa, terá dereito a que a realización das probas de carácter global correspondentes non lle coincidan en data e hora. No caso das universidades a distancia, esta programación axustarase á súa metodoloxía docente e de avaliación.

7. En calquera momento das probas de avaliación, o profesor poderá requirir a identificación dos estudantes asistentes, que deberán acreditala mediante a exhibición do seu carné de estudante, documento nacional de identidade, pasaporte ou, na súa falta, acreditación suficiente a xuízo do avaliador.

8. Os estudantes terán dereito a que se lles entregue, á finalización das probas de avaliación, un xustificante documental de as ter realizado.

Artigo 26. *Estudantes con discapacidade.*

As probas de avaliación deberán adaptarse ás necesidades dos estudantes con discapacidade, e os centros e os departamentos procederán ás adaptacións metodolóxicas, temporais e espaciais precisas.

Artigo 27. *Traballos e memorias de avaliación.*

1. Os traballos e memorias de prácticas con soporte material único serán conservadas polo profesor ata a finalización do curso seguinte nos termos previstos na normativa autonómica e da propia universidade. Rematado este prazo e de acordo coa citada normativa, serán devoltas aos estudantes asinantes por petición propia, salvo que estea pendente a resolución dun recurso.

2. A publicación ou reprodución total ou parcial dos traballos a que se refire o parágrafo anterior ou a utilización para calquera outra finalidade distinta da estritamente académica, requirirá a autorización expresa do autor ou autores, de acordo coa lexislación de propiedade intelectual.

3. Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e máster, así como as teses doutorais, rexeranse pola súa normativa específica.

4. As publicacións resultantes dos traballos, especialmente no caso do doutoramento, rexeranse pola normativa de propiedade intelectual.

Artigo 28. *Tribunais de avaliación.*

1. Os estudantes poderán solicitar avaliación ante tribunal de acordo coas condicións e a regulación que para tal fin dispoñan as universidades.

2. As universidades establecerán o procedemento para que, cando un profesor se encontre nos casos de abstención e recusación previstos na lei, o consello de departamento nomee un profesor substituto de entre os profesores permanentes da área ou de áreas afíns.

Artigo 29. *Comunicación das cualificacións.*

1. Dentro dos prazos e procedemento establecidos pola universidade, os profesores responsables da avaliación publicarán as cualificacións das probas efectuadas, coa antelación suficiente para que os estudantes poidan levar a cabo a revisión con anterioridade á finalización do prazo de entrega de actas.

2. Xunto ás cualificacións farase público o horario, lugar e data en que terá lugar a revisión destas. No caso das universidades a distancia, a revisión poderá realizarse conforme a súa metodoloxía e canles de comunicación. A devandita información, así como os lugares de revisión, deberán ser accesibles para os estudantes con discapacidade.

3. Os profesores deberán conservar o material escrito, en soporte de papel ou electrónico, das probas de avaliación ou, de ser o caso, a documentación correspondente das probas orais, ata a finalización do curso académico seguinte nos termos previstos na normativa autonómica e da propia universidade. Nos supostos de petición de revisión ou de recurso contra a cualificación e de acordo coa citada normativa, deberán conservarse ata que exista resolución firme.

4. Na comunicación das cualificacións promoverase a incorporación das tecnoloxías da información.

Artigo 30. Revisión ante o profesor ou ante o tribunal.

1. Os estudantes terán acceso aos seus propios exercicios nos días seguintes á publicación das cualificacións das probas de avaliación realizadas, nos termos previstos na normativa autonómica e da propia universidade, recibindo dos profesores que os cualificaron ou do coordinador da materia as oportunas explicacións orais sobre a cualificación recibida. Así mesmo, nos termos previstos na normativa autonómica e da propia universidade, os estudantes avaliados por tribunal terán dereito á revisión dos seus exercicios ante este. No caso das universidades a distancia, as canles de comunicación poderán axustarse á súa metodoloxía e tecnoloxías de comunicación.

2. A revisión, en ambos os casos, levarase a cabo nos prazos e mediante os procedementos que se regulen na normativa autonómica e das propias universidades. En calquera caso, a revisión será persoal e individualizada. A revisión deberá adaptarse ás necesidades específicas dos estudantes con discapacidade; os departamentos, baixo a coordinación e supervisión da unidade competente en cada universidade, procederán ás adaptacións metodolóxicas precisas e, de ser o caso, ao establecemento de revisións específicas en función das súas necesidades.

3. O período de revisión finalizará nun prazo anterior ao establecido pola universidade para a publicación e peche de actas.

Artigo 31. Reclamación ante o órgano competente.

Contra a decisión do profesor ou do tribunal caberá reclamación motivada dirixida ao órgano competente. Por proposta do devandito órgano, nomearase unha comisión de reclamacións, da que non poderán formar parte os profesores que interviñesen no proceso de avaliación anterior, que resolverá nos prazos e procedementos que regulen as universidades.

Artigo 32. Recoñecemento e transferencia de actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

As universidades regularán o procedemento para facer efectivo o dereito dos estudantes ao recoñecemento académico pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, de acordo co disposto na lexislación que sexa de aplicación. De ser o caso, as ditas actividades transferiranse ao expediente do estudante e ao Suplemento Europeo ao Título.

CAPÍTULO VII

Da programación docente e avaliación do estudante de ensinanzas non conducentes á obtención dun título oficial

Artigo 33. Estudantes de ensinanzas non conducentes á obtención dun título oficial.

1. As universidades establecerán os criterios que regulen a programación docente e a avaliación dos estudantes que cursan os diferentes tipos de ensinanzas non conducentes a un título oficial.

2. En todo caso, garantirase o dereito destes estudantes a unha formación de calidade, así como a coñecer a programación docente e os criterios de avaliación con anterioridade á matrícula, e o procedemento para a revisión e a reclamación das cualificacións.

CAPÍTULO VIII

Da participación e a representación estudiantil

Artigo 34. *Principios xerais.*

A universidade, como proxecto colectivo, debe promover a participación de todos os grupos que a integran. Os estudantes, protagonistas da actividade universitaria, deben asumir o compromiso de corresponsabilidade na toma de decisións, participando nos distintos órganos de goberno a través dos seus representantes democraticamente elixidos, e promovendo e seguindo os principios de paridade entre sexos e do equilibrio entre os principais sectores da comunidade universitaria.

Artigo 35. *Elección de representantes.*

1. Todos os estudantes universitarios están comprometidos na participación, activa e democrática, nos órganos de goberno da súa universidade, centro e departamento, e nos seus propios colectivos, mediante a elección dos seus representantes.

2. Son electores e elixibles todos os estudantes que se encontren matriculados na universidade e que realicen estudos conducentes á obtención dun título oficial nos termos establecidos nos estatutos da súa universidade e regulamentos que os desenvolvan.

3. As universidades impulsarán a participación activa das e dos estudantes nos procesos de elección, proporcionando a información e os medios materiais necesarios e fomentando o debate, así como facilitando e promovendo a implicación do alumnado no deseño dos mecanismos para o estímulo da participación dos estudantes.

4. Son representantes dos estudantes que cursan estudos conducentes á obtención dun título oficial:

a) Os estudantes que, elixidos polos seus compañeiros, formen parte dos órganos colexiados de goberno e representación da universidade.

b) Os estudantes que, elixidos polos seus compañeiros, exercen outras funcións representativas, de acordo coa normativa de cada universidade.

5. Promoverase que a representación estudiantil respecte o principio de paridade, con participación proporcional de home e mulleres. Así mesmo, promoverase a participación das persoas con discapacidade na devandita representación estudiantil.

6. A normativa de cada universidade regulará a representación dos estudantes que cursen estudos non conducentes á obtención dun título oficial.

Artigo 36. *Dereitos dos representantes.*

Os representantes dos estudantes teñen dereito:

a) Ao libre exercicio da súa representación ou delegación.

b) A expresarse libremente, sen máis limitacións que as derivadas das normas legais, e o respecto ás persoas e á institución.

c) A recibir información exacta e concreta sobre os asuntos que afecten os estudantes.

d) A participar corresponsablemente no proceso de toma de decisións e políticas estratéxicas.

e) A que os seus labores académicos se compatibilicen, sen menoscabo da súa formación, coas súas actividades representativas. As universidades arbitrarán procedementos para que o labor académico de representantes e delegados dos estudantes non resulte afectado polas ditas actividades.

f) A dispor de espazos físicos e medios electrónicos para difundir a información de interese para os estudantes. Ademais, garantíranse espazos propios e exclusivos, non só para difusión, senón para a súa actuación como representantes en xeral. Será fundamental que a dita información teña un formato accesible e que tales espazos estean adaptados para facilitar o acceso e a participación dos estudantes con discapacidade.

g) Aos recursos técnicos e económicos para o normal desenvolvemento das súas funcións como representantes estudantís.

Artigo 37. *Responsabilidades dos representantes.*

Os representantes de estudantes adquiren as seguintes responsabilidades con respecto aos seus representados e á institución universitaria:

a) Asistir ás reunións e canalizar as propostas, iniciativas e críticas do colectivo a que representan ante os órganos da universidade, sen prexuízo do dereito de calquera estudante a elevalas directamente conforme o procedemento de cada universidade.

b) Facer bo uso da información recibida por razón do seu cargo, respectando a confidencialidade da que lle fose revelada con este carácter.

c) Protexer, fomentar e defender os bens e dereitos da universidade.

d) Informar os seus representados das actividades e resolucións dos órganos colexiados, así como das súas propias actuacións nos devanditos órganos.

Artigo 38. *Participación estudantil e promoción de asociacións, federacións e confederacións de estudantes.*

1. Nos termos establecidos por este estatuto e polas normativas propias das universidades, impulsarase a participación estudantil en asociacións e movementos sociais, como expresión da formación en valores de convivencia e cidadanía

2. Dentro dos fins propios da universidade, promoverase a constitución de asociacións, colectivos, federacións e confederacións de estudantes, que terán por obxecto desenvolver actividades do seu interese, no réxime que dispoñan os seus estatutos.

3. Os estudantes, individualmente e organizados nos devanditos colectivos, deben contribuir con proactividade e corresponsabilidade:

a) Ao equilibrio, a paridade e a igualdade de oportunidades na representación estudantil e nos órganos de representación das asociacións.

b) Á igualdade de oportunidades de mulleres e homes na formulación dos seus proxectos.

c) Á promoción da participación dos estudantes con discapacidade.

d) Ao compromiso das universidades coa sustentabilidade e as actividades saudables.

e) Ao deseño e as políticas estratéxicas dos campus en que desenvolven a súa actividade, e en especial a mellora destes como campus sustentables, saudables e solidarios.

4. As universidades, na medida das súas posibilidades, habilitarán locais e medios para o desenvolvemento das actividades e o funcionamento das asociacións.

5. As administracións con competencia en materia universitaria e as universidades destinarán nos seus orzamentos as partidas correspondentes que permitan subvencionar a xestión destas asociacións e a participación nelas dos estudantes respectando o principio de igualdade e non discriminación por razón de idade, sexo, raza, relixión, nacionalidade, discapacidade, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

6. As universidades, no seu ámbito de actuación, poderán dispor dun rexistro de asociacións estudantís propias e para as cales se establecerán os requisitos e normas de funcionamento.

Artigo 39. *Participación en organizacións nacionais e internacionais.*

1. As asociacións estudiantís das universidades, rexistradas como tales, terán dereito a integrarse en redes ou confederacións de carácter nacional ou internacional.
2. Para facer efectiva a dita integración, as administracións competentes en materia universitaria, así como as universidades, promoverán axudas, procurando, así mesmo, que se dispoña de medios materiais que faciliten a dita integración.

CAPÍTULO IX

Das bolsas e axudas ao estudante

Artigo 40. *Principios básicos dos programas de bolsas e axudas.*

1. O dereito dos estudantes a participar en programas de bolsas e axudas, así como a recibir cobertura en determinadas situacións, deberá ser garantido pola Administración xeral do Estado, polas comunidades autónomas e polas universidades, mediante o desenvolvemento de programas e convocatorias xerais ou propias, respectando, en todo caso, o principio xeral de que ningún estudante teña que renunciar aos seus estudos universitarios por razóns económicas.
2. Os programas de bolsas e axudas en que proceda aplicarán o principio da progresividade, de forma que as cantidades asignadas a cada estudante se axusten, en cada caso, á súa situación socioeconómica e ás súas necesidades reais.
3. Os programas de bolsas e axudas atenderán aos principios de suficiencia e equidade e promoverán o aproveitamento académico dos estudantes.

Artigo 41. *Participación dos estudantes.*

1. Os estudantes participarán, a través do Consello de Estudantes Universitario do Estado, no deseño dos programas estatais de bolsas e axudas ao estudo, e a través dos correspondentes órganos colexiados de representación estudiantil, no das comunidades autónomas e as universidades, nos termos que se establezan para cada caso.
2. Así mesmo, os estudantes formarán parte dos órganos colexiados de selección de bolseiros de cada universidade a través dos órganos de representación estudiantil que prevexan as universidades nas súas normativas correspondentes.

Artigo 42. *Programas de bolsas e axudas.*

1. A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as universidades no ámbito das súas respectivas competencias regularán e desenvolverán programas, xerais e propios, de bolsas e axudas ao estudo.
2. Nos termos previstos pola lei, terán dereito a bolsa todos os estudantes que cursen estudos regulados e reúnan os requisitos que se establezan nas correspondentes convocatorias.
3. As bolsas e axudas estenderán a súa duración mentres o estudante manteña a súa vinculación como tal coa universidade, dentro dos límites que se determinen, e sempre que non se modifiquen as circunstancias que xustificaron a concesión.
4. Así mesmo, os requisitos que se establezan para as convocatorias de bolsas terán en conta a ponderación dos créditos superados polo estudante, distinguindo o ciclo dos estudos de que se trate, e as taxas de rendemento e eficiencia da rama de coñecemento correspondente.

Artigo 43. *Garantías.*

1. A xestión da política de bolsas estará inspirada nos principios de equidade e eficacia.

2. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e as universidades resolverán, en cada caso e de acordo coa normativa que resulte de aplicación, os expedientes para a concesión de bolsas e axudas, coa maior brevidade e coa máxima axilidade posible.

3. O Ministerio de Educación, a través do Observatorio de Bolsas, Axudas e Rendemento Académico, velará pola equidade e a eficacia do sistema de bolsas e axudas ao estudo, garantindo a participación dos estudantes naquel.

CAPÍTULO X

Do fomento da convivencia activa e a corresponsabilidade universitaria

Artigo 44. Fomento da convivencia.

Corresponde ao reitor de cada universidade adoptar as decisións relativas ao fomento da convivencia e o respecto a dereitos e deberes dos membros da comunidade universitaria.

Artigo 45. Corresponsabilidade universitaria.

1. Cada universidade poderá crearnos seus centros comisións de corresponsabilidade, constituídas por profesorado, estudantes e persoal de administración e servizos.

2. Estas comisións terán como obxecto a análise, debate, crítica e formulación de propostas sobre todas aquelas cuestións que, polas súas implicacións éticas, culturais e sociais, permitan á comunidade universitaria realizar achegas ao discurso público sobre estas e tamén sobre as que afecten a propia universidade como espazo de aprendizaxe e convivencia e a súa relación coa comunidade. En ningún caso estas comisións terán carácter sancionador.

Artigo 46. O defensor universitario.

1. De acordo co establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, para velar polo respecto aos dereitos e as liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do defensor universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e rexeranse polos principios de independencia e autonomía.

2. Os defensores universitarios poderán asumir tarefas de mediación, conciliación e bos oficios, conforme o establecido nos estatutos das universidades e nas súas disposicións de desenvolvemento, promovendo especialmente a convivencia, a cultura da ética, a corresponsabilidade e as boas prácticas.

3. Os defensores universitarios asesorarán os estudantes sobre os procedementos administrativos existentes para a formulación das súas reclamacións, sen prexuízo das competencias doutros órganos administrativos.

4. Os estudantes poderán acudir ao defensor universitario cando sintan lesionados os seus dereitos e liberdades nos termos establecidos polos estatutos das universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.

5. Os estudantes colaborarán co defensor universitario, individualmente ou, de ser o caso, a través dos seus representantes, nos termos e conforme as canles que establezan as universidades.

CAPÍTULO XI

Do Consello de Estudantes Universitario do EstadoArtigo 47. *Natureza e adscrición.*

1. O Consello de Estudantes Universitario do Estado é o órgano de deliberación, consulta e participación das e dos estudantes universitarios ante o Ministerio de Educación.

2. O Consello de Estudantes Universitario do Estado adscíbese ao Ministerio de Educación a través da Secretaría Xeral de Universidades.

Artigo 48. *Composición.*

1. O Consello de Estudantes Universitario do Estado estará formado por:

a) Un estudante representante de cada unha das universidades españolas, públicas e privadas. Nas universidades en que exista consello de estudantes, ou un órgano equivalente de representación estudantil, a representación recaerá no seu presidente, ou figura equivalente. Nas universidades en que non exista consello de estudantes, o representante será nomeado polo consello de goberno por proposta dos estudantes electos deste.

b) Un representante, estudante universitario, de cada unha das confederacións e federacións de asociacións de estudantes con presenza no Consello Escolar do Estado, dadas as competencias deste en relación co sistema educativo e, en concreto, coa educación secundaria e formación profesional.

c) Un representante, estudante universitario, de cada un dos consellos autonómicos de estudantes que estean constituídos ou que se constituán no futuro.

d) Tres representantes, estudantes universitarios, pertencentes a confederacións, federacións e asociacións de estudantes que persigan intereses xerais e non estean representadas pola vía da alínea b) anterior, a razón dun representante por entidade. As devanditas confederacións, federacións ou asociacións deberán acreditar ter, entre os seus afiliados, representantes nos consellos de estudantes ou consellos de goberno dun mínimo de seis universidades pertencentes, polo menos, a tres comunidades autónomas. As entidades que formen parte de organizacións federativas máis amplas estarán representadas polo membro correspondente a esta última. O regulamento do Consello de Estudantes Universitario do Estado concretará o sistema de designación destes representantes.

e) Cinco membros designados polo seu presidente, entre personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación superior que sexan, ou teñan sido, membros dos consellos de goberno das universidades ou asociacións ou organizacións de ámbito estudantil. Polo menos un deles será unha persoa experta e de recoñecido prestixio no ámbito de colectivos especialmente desfavorecidos e/ou vulnerables.

f) Ademais, serán membros natos do Consello de Estudantes Universitario do Estado:

- i. O ministro de Educación, que actuará de presidente.
- ii. O secretario xeral de Universidades, que actuará de vicepresidente primeiro.
- iii. O titular da Dirección Xeral de Formación e Orientación Universitaria, que actuará de secretario.

2. Dos representantes estudantís, e elixido polo pleno, un será vicepresidente segundo.

3. Atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na composición do Consello de Estudantes Universitario do Estado, nos termos previstos no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Artigo 49. *Constitución e renovación.*

1. O presidente do Consello procederá á convocatoria da sesión constitutiva do Consello no prazo máximo de 4 meses naturais desde a entrada en vigor deste estatuto.

2. Para dar cumprimento ao disposto no número anterior, as universidades remitirán ao ministerio a designación dos representantes dos seus estudantes nun prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste estatuto.

Artigo 50. *Mandato dos membros do Consello de Estudantes Universitario do Estado.*

Agás no caso dos membros natos do Consello, a duración do mandato dos demais membros do Consello será:

a) Os representantes estudiantís das respectivas universidades terán un mandato de dous anos desde a súa elección, agás que se extinguiše por outras causas previstas neste estatuto. Non obstante, permanecerán no exercicio das súas funcións ata que sexan designados os seus substitutos.

b) Os membros designados polo presidente do Consello, ata que concorra algunha das causas do seu cesamento previstas neste estatuto. Así mesmo, permanecerán no exercicio das súas funcións ata que sexan designados os seus substitutos.

Artigo 51. *Funcións.*

Son funcións do Consello de Estudantes Universitario do Estado:

a) Emitir informe sobre os criterios das propostas políticas do Goberno en materia de estudantes universitarios e naquelas materias para as cales sexa requirido informe do Consello de Estudantes Universitario do Estado.

b) Ser interlocutor ante o Ministerio de Educación, nos asuntos que concirnen os estudantes.

c) Contribuír activamente á defensa dos dereitos dos estudantes, cooperando coas asociacións de estudantes e os órganos de representación estudiantil.

d) Velar pola adecuada actuación dos órganos de goberno das universidades no que se refire aos dereitos e deberes dos estudantes establecidos nos estatutos de cada unha delas.

e) Recibir e, de ser o caso, dar curso ás queixas que lle presenten os estudantes universitarios.

f) Colaborar cos defensores universitarios, en garantía dos dereitos dos estudantes das universidades españolas.

g) Establecer relacións con outras institucións e entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais.

h) Elevar propostas ao Goberno en materias relacionadas coa súa competencia.

i) Pronunciarse, cando se considere oportuno, sobre calquera asunto para o cal sexa requirido polo ministro de Educación, o secretario xeral de Universidades ou por calquera outra instancia que o solicite.

j) Coñecer os informes relativos ao mapa de titulacións.

k) Estar representado e participar na fixación de criterios para a concesión de bolsas e outras axudas destinadas aos estudantes, no ámbito da competencia do Estado.

l) Fomentar o asociacionismo estudiantil e a participación dos estudantes na vida universitaria.

m) Realizar pronunciamentos por iniciativa propia e actuar como interlocutor dos estudantes ante a Administración, os medios de comunicación e a sociedade, no ámbito da competencia do Estado.

n) Velar e fomentar a igualdade entre mulleres e homes no ámbito universitario.

o) Velar polo cumprimento do presente estatuto

p) Calquera outra función que lle asignen o Estatuto do Estudante Universitario, as súas normas de desenvolvemento e a lexislación vixente.

Artigo 52. Funcionamento.

1. O Consello de Estudantes Universitario do Estado actuará constituído en pleno e a través dunha comisión permanente. O regulamento de organización e funcionamento interno poderá prever a creación doutras comisións, coa composición e competencias que se determinen.
2. Así mesmo, fomentárase a creación de comisións mixtas de coordinación entre o Consello de Estudantes Universitario do Estado, o Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria.
3. Na composición dos órganos do Consello atenderase á paridade de xénero.

Artigo 53. O Pleno.

1. O Pleno será convocado, como mínimo, tres veces ao ano, e sempre que sexa necesario a xuízo do presidente e tamén por petición dun terzo dos seus membros.
2. Corresponde ao Pleno:
 - a) Elaborar e aprobar a proposta de regulamento de organización e funcionamento interno do Consello e a súa elevación, para a súa aprobación definitiva, ao ministro de Educación.
 - b) Por proposta de calquera dos membros do Consello, aprobar, mediante acordo favorable dos dous terzos do Pleno, a reforma, total ou parcial, do regulamento de organización e funcionamento e a súa elevación, para a súa aprobación definitiva, ao ministro de Educación.
 - c) Elaborar e aprobar outras normas de funcionamento
 - d) Aprobar o plan de xestión elaborado polo presidente e a Comisión Permanente.
 - e) Elixir o vicepresidente segundo.
 - f) Elixir os representantes dos estudantes na Comisión Permanente, nos termos establecidos no artigo 55.
 - g) Realizar bianualmente un informe de actividades e de diagnóstico do sistema universitario español no ámbito das súas atribucións.
 - h) Calquera outra función correspondente ao Consello e non atribuída expresamente a outros órganos deste.

Artigo 54. Composición da Comisión Permanente.

1. A Comisión Permanente está formada por:
 - a) O presidente do Consello, que a presidirá, o vicepresidente primeiro, o vicepresidente segundo e o secretario do Consello, que asumirán análoga posición nela.
 - b) Cinco representantes dos membros estudantes elixidos polo Pleno de entre os estudantes do Consello. Un deles será designado polo Pleno como vicesecretario da Comisión Permanente.
2. O mandato dos membros estudantes da Comisión Permanente será de dous anos, agás que antes se extinguiše o seu mandato no Consello por outras causas previstas neste estatuto. Non obstante, permanecerán no exercicio das súas funcións ata que sexan designados os seus substitutos.

Artigo 55. O presidente.

1. O presidente do Consello de Estudantes Universitario do Estado asume a máxima representación do Consello.
2. En ausencia do presidente, o Consello será presidido polo vicepresidente primeiro e, na súa falta, polo vicepresidente segundo.

Artigo 56. Funcións do presidente.

Son funcións do presidente:

- a) Convocar e presidir o Pleno do Consello de Estudantes Universitario do Estado así como presidir e convocar as reunións da Comisión Permanente.

- b) Moderar e conducir as sesións do Pleno de acordo co disposto no seu regulamento de organización e funcionamento interno.
- c) Representar o Consello de Estudantes Universitario do Estado ante calquera persoa física ou xurídica.
- d) Informar cumpridamente os membros do Consello de Estudantes Universitario do Estado dos asuntos da súa competencia
- e) Cumprir e facer cumprir os acordos do Pleno ou da Comisión Permanente.
- f) Calquera outra atribuída polo Pleno, o presente estatuto, as normas de funcionamento interno e a lexislación vixente.

Artigo 57. *Funciones dos vicepresidentes primeiro e segundo.*

Corresponde aos vicepresidentes primeiro e segundo:

- a) Asistir o presidente no exercicio das súas competencias
- b) O vicepresidente primeiro substituirá o presidente na súa ausencia
- c) O vicepresidente segundo substituirá o presidente en ausencia do presidente e do vicepresidente primeiro.
- d) Calquera outra encomendada polo Pleno, o regulamento de organización e funcionamento interno ou a lexislación vixente.

Artigo 58. *Funcións do secretario.*

1. Corresponde ao secretario:

- a) Levantar acta das sesións do Pleno e da Comisión Permanente.
- b) Expedir certificacións dos acordos adoptados.
- c) Custodiar as actas e a restante documentación que conste en poder do Consello.
- d) Calquera outra encomendada polo Pleno, polo regulamento de organización e funcionamento interno ou a lexislación vixente.

2. En caso de ausencia, será substituído polo vicesecretario da Comisión Permanente.

Artigo 59. *Funcións da Comisión Permanente.*

Son funcións da Comisión Permanente:

- a) A elaboración e execución do plan de xestión.
- b) Resolver, nos casos en que o Pleno non poida reunirse, os asuntos declarados urxentes polo seu presidente, someténdoo posteriormente a ratificación polo primeiro Pleno que se produza.
- c) Resolver aqueles asuntos que lle fosen expresamente encomendados polo Pleno, o regulamento de organización e funcionamento do Consello e a lexislación aplicable, dando posterior conta ao Pleno.
- d) Calquera outra prevista neste estatuto.

Artigo 60. *Cesamento dos membros do Consello.*

1. Os representantes estudiantís do Consello cesarán:

- a) Por petición propia
- b) Por expiración do seu mandato como representante estudiantil no Consello.
- c) Por perda da condición de estudante da universidade que representa.
- d) Por expiración da condición pola que foi designado representante estudiantil da súa universidade.
- e) Pola perda da condición de membro da confederación ou asociación de estudantes que representa.

2. Os membros designados polo presidente:
 - a) Por petición propia.
 - b) Por instancia de quen os designou.
3. Producido o cesamento de representantes estudiantís no Consello, o seu secretario instará a universidade correspondente para que proceda á elección do ou dos representantes que sexan necesarios. A universidade deberá remitir a proposta no prazo máximo de dous meses desde a notificación.
4. Vacante o cargo de vogais designados polo presidente, este procederá no prazo máximo dun mes á designación dos que deban substituílos.

CAPÍTULO XII

Da actividade deportiva dos estudantes

Artigo 61. *Principios xerais.*

1. A actividade física e deportiva é un compoñente da formación integral do estudante. Para tal efecto, as comunidades autónomas e as universidades desenvolverán estruturas e programas e destinarán medios materiais e espazos suficientes para acoller a práctica deportiva dos estudantes nas condicións máis apropiadas segundo os usos.
2. Os estudantes teñen o dereito e o deber de uso e coidado das instalacións e equipamentos que a universidade poña á súa disposición, ademais daqueles outros que desenvolvan as súas normativas propias.

Artigo 62. *Actividade física e deportiva dos estudantes.*

1. As actividades deportivas dos estudantes universitarios poderán orientarse cara á práctica de deportes e actividades deportivas non competitivas ou cara a aquelas organizadas en competicións internas, autonómicas, nacionais ou internacionais.
2. As universidades promoverán a compatibilidade da actividade académica e deportiva dos estudantes.
3. As universidades promoverán a actividade física e deportiva, os hábitos de vida saudable e o desenvolvemento de valores como o espírito de sa competición e xogo limpo, de respecto polo adversario, de integración e compromiso co traballo de grupo e de solidariedade, así como de respecto do regulamento ou normas de xogo e dos que as apliquen.
4. Nos termos previstos pola ordenación vixente, as universidades facilitarán o acceso á universidade, os sistemas de orientación e seguimento e a compatibilidade dos estudos coa práctica deportiva aos estudantes recoñecidos como deportistas de alto nivel polo Consello Superior de Deportes ou como deportistas de nivel cualificado ou similar polas comunidades autónomas.
5. Así mesmo, as universidades promoverán programas de actividade física e deportiva para estudantes con discapacidade, facilitando os medios e adaptando as instalacións que corresponda en cada caso.

CAPÍTULO XIII

Da formación en valores

Artigo 63. *Principios xerais.*

1. A universidade debe ser un espazo de formación integral das persoas que nela conviven, estudan e traballan. Para iso a universidade debe reunir as condicións adecuadas que garantan na súa práctica docente e investigadora a presenza dos valores que pretende promover nos estudantes: a liberdade, a equidade e a solidariedade, así como o respecto e recoñecemento do valor da diversidade asumindo criticamente a súa historia. Así mesmo, promoverá os valores ambientais e de sustentabilidade nas súas diferentes dimensións e

reflectirá nela mesma os patróns éticos cuxa satisfacción demanda ao persoal universitario e que aspira a proxectar na sociedade. En consecuencia, deberán presidir a súa actuación a honradez, a veracidade, o rigor, a xustiza, a eficiencia, o respecto e a responsabilidade

2. A actividade universitaria debe promover as condicións para que os estudantes:

- a) Sexan autónomos, e aptos para tomar as súas decisións e actuar en consecuencia;
- b) Sexan responsables, dispostos a asumir os seus actos e as súas consecuencias;
- c) Sexan razoables, capaces de procurar o seu propio ben e harmonizar esta busca coa dos outros;
- d) Teñan sentido da xustiza, coñecedores da legalidade e prestos a dirimir racionalmente, con obxectividade e imparcialidade, as diferenzas cos outros implicados;
- e) Teñan capacidade para incluír no seu ámbito de responsabilidade todos os outros afectados polas súas eleccións e as súas actuacións, en especial a daqueles que teñen menos capacidade para facer valer os seus intereses ou mostrar o seu valor.

3. As universidades promoverán actuacións encamiñadas ao fomento destes valores na formación dos estudantes.

CAPÍTULO XIV

Das actividades de participación social e cooperación ao desenvolvemento dos estudantes

Artigo 64. *Principios xerais.*

1. O labor da universidade no campo da participación social e a cooperación ao desenvolvemento está estreitamente vinculada ao seu ámbito propio de actuación: a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento, cuestións que son esenciais tanto para a formación integral dos estudantes como para unha mellor comprensión dos problemas que ameazan a consecución dun desenvolvemento humano e sustentable a escala local e universal. Ademais, o asesoramento científico e profesional, así como a sensibilización da comunidade universitaria e o seu ámbito, constitúen os compromisos básicos da universidade nestes campos.

2. Entendidos como expresión destes compromisos, os dereitos e deberes dos estudantes en relación á participación social e a cooperación ao desenvolvemento son:

- a) Dereito a solicitar a incorporación ás actividades de participación social e cooperación ao desenvolvemento, planificadas pola universidade e publicitadas cos correspondentes criterios de selección.
- b) Dereito a recibir formación gratuíta para o desenvolvemento de actividades de participación social e cooperación no marco dos convenios de colaboración subscritos pola universidade.
- c) Deber de participar nas actividades formativas deseñadas para un correcto desenvolvemento das actividades de participación social e cooperación ao desenvolvemento, nas que solicite colaborar.
- d) Dereito a dispor dunha acreditación como voluntario/a e/ou cooperante que o/a habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- e) Dereito a que a universidade lles expida un certificado que acredite os servizos prestados en participación social e voluntariado incluíndo a data, a duración e a natureza da prestación efectuada polo estudante na súa condición de voluntario ou cooperante.

3. As universidades deberán favorecer a posibilidade de realizar o practicum (obrigatorio nalgúns titulacións e voluntario noutras) en proxectos de cooperación ao desenvolvemento e participación social nos que poidan pór en xogo as capacidades adquiridas durante os seus estudos, o que implica o dereito ao recoñecemento da formación adquirida nestes campos. De igual forma, favorecerán prácticas de responsabilidade social

e cidadá que combinen aprendizaxes académicas nas diferentes titulacións con prestación de servizo na comunidade orientado á mellora da calidade de vida e a inclusión social.

4. Fomentarase a participación dos estudantes con discapacidade en proxectos de cooperación ao desenvolvemento e participación social

CAPÍTULO XV

Da atención ao universitario

Artigo 65. *Servizos de atención ao estudante.*

1. Como ferramenta complementaria na formación integral do estudante, as universidades poderán dispor de unidades de atención ao estudante, con cargo aos seus propios orzamentos ou mediante convenios con institucións ou entidades externas.

2. Tales unidades, independentemente das estruturas orgánicas en que se traduzan en cada universidade, deberán desenvolver as súas funcións estreitamente conectadas e coordinadas cos sistemas de acción titorial, as accións de formación de titores e o conxunto de programas e servizos da universidade.

3. Para tal efecto, estas unidades poderán ofrecer información e orientación nos seguintes ámbitos:

a) Elección de estudos e reformulación ou cambio destes para facilitar o acceso e a adaptación ao ámbito universitario.

b) Metodoloxías de traballo na universidade e formación en estratexias de aprendizaxe, para proporcionar axuda aos estudantes nos momentos de transición entre as diferentes etapas do sistema educativo, así como ao longo dos estudos universitarios, para facilitar o rendemento académico e o desenvolvemento persoal e social

c) Itinerarios formativos e saídas profesionais, formación en competencias transversais e o deseño do proxecto profesional para facilitar a empregabilidade e a incorporación laboral.

d) Estudos universitarios e actividades de formación ao longo da vida.

e) Bolsas e axudas ao estudo.

f) Asesoramento sobre dereitos e responsabilidades internas e externas á universidade.

g) Asesoramento psicolóxico e en materia de saúde.

h) Asociacionismo e participación estudantil.

i) Iniciativas e actividades culturais, de proxección social, de cooperación e de compromiso social.

j) Información sobre servizos de aloxamento e servizos deportivos así como outros servizos que procuren a integración dos estudantes ao ámbito universitario.

k) Igualdade de trato entre mulleres e homes.

4. As universidades promoverán a participación estudantil e das asociacións estudantís nas unidades de atención ao estudante, nos termos que establezan as normativas correspondentes.

5. As universidades potenciarán e proporán a creación e mantemento de servizos de transporte adaptado para os estudantes con discapacidade motórica e/ou dificultades de mobilidade.

6. Desde cada universidade fomentarase a creación de servizos de atención á comunidade universitaria con discapacidade, mediante o establecemento dunha estrutura que faga factible a prestación dos servizos requiridos por este colectivo.

7. As universidades españolas deberán velar pola accesibilidade de ferramentas e formatos co obxecto de que os estudantes con discapacidade conten coas mesmas condicións e oportunidades á hora de se formaren e accederen á información.

8. As páxinas web e medios electrónicos das ensinanzas e/ou universidades a distancia, en cumprimento da Lei de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, serán accesibles para as persoas con discapacidade e facilitarán a descarga da información que conteñen.

Artigo 66. *Servizos de aloxamento do estudante.*

1. As universidades facilitarán, na medida das súas posibilidades, o aloxamento en condicións de dignidade e suficiencia dos seus estudantes, nos termos que establezan nos seus estatutos. Para tal efecto, poderán dispor de colexios maiores propios ou adscritos mediante convenio con entidades públicas ou privadas, e doutras residencias para estudantes universitarios.

2. A normativa reguladora do acceso e a xestión dos servizos de aloxamento garantirá, en todo caso, a igualdade de dereitos dos estudantes.

3. Así mesmo, no acceso aos colexios maiores e residencias de fundación propia, estableceranse procedementos públicos, obxectivos e transparentes, que poidan ser coñecidos coa suficiente antelación e que permitan o aloxamento a estudantes procedentes de diferentes ensinanzas e ramas de coñecemento.

4. As instalacións dos colexios e residencias universitarias deberán ser accesibles ás persoas con discapacidade.

5. Para o goberno de colexios maiores e residencias universitarias de fundación propia, os estatutos de cada universidade determinarán os procedementos de designación dos equipos directivos, nos cales haberá participación dos estudantes residentes. Así mesmo, disporán a elaboración das normativas de réxime interno que correspondan en cada caso.

6. Os colexios maiores e as residencias de fundación propia que así o establezan poderán desenvolver, ademais da súa actividade propia de aloxamento, actividades formativas, sociais e culturais que favorezan o desenvolvemento persoal, a integración, a convivencia e a solidariedade entre os seus residentes.

CAPÍTULO XVI

Das asociacións de antigos alumnos

Artigo 67. *Organización de asociacións de antigos alumnos.*

1. Os antigos estudantes das universidades poderán agruparse en asociacións, que deberán rexistrarse nas universidades segundo os requisitos e procedementos que estas establezan.

2. As asociacións de antigos alumnos promoverán a imaxe das súas universidades e colaborarán activamente na incorporación laboral dos seus egresados, na captación de novos estudantes e na realización de actividades culturais ou de interese social. As asociacións de antigos alumnos impulsarán aquelas actividades de mecenado que teñan como destino a universidade e todas cantas sirvan para estreitar lazos entre a universidade e a sociedade.

3. As universidades impulsarán a actividade das asociacións de antigos alumnos, facilitando medios e promovendo accións informativas e de difusión entre os seus egresados.

4. As universidades contribuirán á proxección internacional das asociacións de antigos alumnos, o desenvolvemento de redes e a realización de actividades interuniversitarias.